

Convenio regulador da subvención nominativa concedida a
Aldeas Infantiles SOS Galicia
correspondente ao exercicio 2025

Expte. Nº 1259/2025

REUNIDOS

Dunha parte, o Excm. Sra. SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, como ALCALDESA DE TOMIÑO en nome e representación do Concello e en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio.

E doutra parte VICTOR MUÑOZ VAZQUEZ .como DIRECTOR TERRITORIAL DE GALICIA DE ALDEAS INFANTILES SOS, entidade sen ánimo de lucro con NIF G36639896 e domicilio en BARRO RIBADAVIA 2A TRAVESIA, NUM. 1PLANTA 436204 VIGO - (PONTEVEDRA).

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que nos termos do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións de Aldeas Infantiles SOS. , ostentando en todo caso competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materias tales como a axuda á infancia, xa que é unha Asociación privada sen ánimo de lucro de axuda á infancia de ámbito autonómico galego, constituída como tal o 03.03.1986, e inscrita no rexistro nacional de asociacións con nº 516945 e declarada de utilidade pública

SEGUNDO.- Que a satisfacción dos intereses xerais nos campos que anteriormente se sinalaron contribúe dunha maneira fundamental a iniciativa privada, en particular, a daquelas entidades



particulares que realizan actividades que sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñen a complementar os servizos prestados pola Administración no eido das citadas competencias.

TERCEIRO.- Que Aldeas Infantiles SOS ten como obxectivo con este proxecto:

- Velar polo interese superior dos menores
- Comprometerse a crear e manter un entorno afectivo e protector que permita previr e actuar ante calquera situación de abuso, maltrato, negligencia ou risco.
- Centrarse no desenvolvemento das nenas e nenos hasta que chegue a ser unha persoa autosuficiente e integrada na sociedade.
- Fortalecer ás familias vulnerables para que poidan atender axeitadamente aos seus fillos e fillas axeitadamente;
- Acompañar aos mozos no seu proceso de maduración e independencia.
- Mellorar a igualdade de oportunidades dxs menores en situación de risco e vulnerabilidade que forman parte do Servizo de Educación y Apoio Familiar (en adiante, SEAF) dos Servizos Sociais de Tomiño,

CUARTO.- No Pleno Municipal do día 26 de decembro de 2024___ aprobou os orzamentos de 2025 o cal inclúe na **Base 23ª.3 das de Execución do orzamento unha subvención nominativa a Aldeas Infantiles SOS**, na aplicación orzamentaria _231.489.00_ por importe de 18.000 € no exercicio 2025, con motivo da execución do programa Proxecto Socio educativo EncaixaT. Centro de Proximidade, conforme a memoria que obra no expediente.

QUINTO.- Os principais datos da subvención solicitada son os seguintes:

Denominación do proxecto socieducativo: “ENCAIXAT CENTRO DE PROXIMIDADE”

O proxecto busca mellorar a igualdade de oportunidades dxxs menores en situación de risco e vulnerabilidade que forman parte do Servizo de Educación y Apoio Familiar (en adiante, SEAF) dos Servizos Sociais da localidade de Tomiño, a través dunha metodoloxía de intervención innovadora, mediante profesionais, integrados en Grupos de Apoio de Proximidade que prestan unha atención integral aos menores, considerando as súas necesidades de apoio escolar, formación en competencias esenciais, lecer educativo e apoio psicolóxico para mellorar as súas condicións de vida e a das súas familias.

Para o desenvolvemento do proxecto proposto, Aldeas Infantiles SOS Galicia, colabora co Concello de Tomiño a través do SEAF, facilitando o aproveitamento de sinerxías e acadando unha maior eficiencia dos recursos asignados ao proxecto. A colaboración e coordinación co Servizo de Educación



e Apoio Familiar dos servizos sociais municipais resulta de especial relevancia para o óptimo desenvolvemento do proxecto. Dous aspectos esenciais a salientar, o primeiro destes aspectos ten que ver coa identificación dxs menores destinatarios do servizo de apoio de proximidade, considerando o coñecemento que os colaboradores teñen de situación de vulnerabilidade e , o segundo aspecto, fai referencia á facilitación de espazos e instalacións de proximidade nas que os profesionais de Aldeas Infantiles SOS poidan prestar o servizo de atención aos menores en situación de vulnerabilidade no Concello.

Destinatario da actividades

Menores de entre 6-16 anos e as súas familias, en relación a actividades formativas, en situación de risco ou vulnerabilidade social derivados desde o Servizo de Educación e Apoio Familiar do Tomiño. Se estima que diariamente podan ser atendidos 2 grupos de 8 menores cada un. O número de participantes estará entre 16 e 30 menores.

Motivo do interese público local da actividade:

EncaixaT é unha realidade socioeducativa que se iniciou o último trimestre de 2020, deseñada polo Servizo de Educación e Apoio Familiar, enfocada principalmente para dar apoio ás familias dende un enfoque positivo e participativo con menores en situación de risco ou vulnerabilidade, que necesitaran contar cun espazo para acompañar no seu desenvolvemento integral de desenvolvemento

O proxecto socioeducativo procura ofrecer un espazo onde o tempo de estudo, se conxuga co traballo a nivel emocional, social, o fomento de hábitos saudables e de lecer. Centrado en valores de tolerancia, igualdade, consumo responsable, etc., dende un marco grupal reducido, EncaixaT abrangue a atención á diversidade e o apoio individual a cada persoa participante.

Os obxectivos xerais cos que nace son os seguintes:

- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e a capacidade comunicativa.
- Traballar a intelixencia emocional (empatía, autoestima, etc.)
- Dotar de ferramentas para a solución de conflitos.
- Reforzar os coñecementos curriculares e optimizar os resultados académicos.
- Interiorizar hábitos de vida saudables (de hixiene, alimentación, convivencia, etc).



- Fomentar a participación a nivel social.
- Favorecer o modelo de crianza con apego dende o apoio ás familias.

A inclusión de familias no EncaixaT foi aumentando de xeito significativo, por derivación dos centros educativos ou por necesidade institucional. Así o crecemento do proxecto fai necesario a consolidación do mesmo, para dar resposta ás necesidades socioeducativas, que as máis das veces son consensuadas co Servizo de Menores, pediatría e co Xulgado, procurando que xs menores poidan permanecer no seu entorno habitual e que non haxa desarraigo, algo esencial para o desenvolvemento harmónico da infancia e da adolescencia.

A vista da nova realidade e camiñando cara a un novo modelo de centro día, o Servizo de Educación e Apoio Familiar deseñou un recurso para a súa poboación e conxuntamente con Aldeas Infantiles SOS, que conta con experiencia acreditada en centros de día e é unha entidade colaboradora co Servizo de Menores da Xunta de Galicia, para dar un paso máis na mellora e estabilidade do Centro de Proximidade EncaixaT.

Obxectivos a acadar coa actividade:

O proxecto ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de vida dos nenos e nenas en situación de risco e vulnerabilidade, facilitando a superación daquelas situacións que supoñen unha fenda na igualdade de oportunidades.

Para a consecución deste obxectivo xeral plantéxanse os seguintes obxectivos específicos:

1. Previr o fracaso escolar dxs menores en situación de risco ou vulnerabilidade. A maioría das familias destes menores non está en disposición de ofrecerlles apoio nas súas tarefas escolares, ben por motivos laborais ou ben polo seu propio nivel educativo. O proxecto vén a dar resposta a esta necesidade programando actividades de reforzo escolar.
2. Facilitar a adquisición de competencias esenciais para o desenvolvemento e progreso persoal e social dos menores en risco ou vulnerabilidade. Os menores deben estar preparados para vivir o presente e afrontar o futuro con maior autonomía, seguridade e control sobre os feitos que lles sucedan, sendo necesario contar con habilidades emocionais, sociais e de coidado dun mesmo. O proxecto ven a dar resposta a esta necesidade, ofrecendo aos menores, organizados en dous grupos



diferenciados, un programa educativo orientado ao desenvolvemento de habilidades para a vida de carácter físico, emocional e social.

3. Facilitar o acceso a un ocio educativo de calidade aos menores en situación de risco ou vulnerabilidade. o acceso ao ocio de calidade, cunha proposta de actividades enriquecedoras, é considerada unha das dificultades dos menores en risco de exclusión na que a desigualdade de oportunidades se manifesta de forma máis patente. Menores, cuxas familias atópanse con dificultades para facilitarlles a cobertura de necesidades básicas, vén limitados o seu ocio a contidos pouco coidados e sen claro valor educativo.

4. Mellorar o grao de benestar psíquico e emocional dos menores, e as súas familias. As familias en situación de risco e vulnerabilidade social con frecuencia teñen que facer fronte a múltiples problemáticas relacionadas con problemáticas de saúde mental nos menores ou adultos, así como déficits en competencias e habilidades parentais que afectan á convivencia familiar, xerando dinámicas disfuncionais de relación entre os seus membros. A asistencia a terapia psicolóxica permite a superación destas dificultades xerando novas pautas relaciónaas entre os membros da unidade familiar para a creación de contextos familiares seguros e protectores.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e beneficiario.

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime de obrigas derivadas da achega municipal do financiamento da subvención a **Aldeas Infantiles SOS do exercicio 2025, de outubro a decembro.**

SEGUNDA.- Crédito orzamentario e contía da subvención.

Como colaboración na realización das citadas actividades, o Concello de Tomiño comprométese, en virtude do presente convenio, a participar no seu financiamento cunha subvención por importe de 6.540.000 € de outubro a decembro no exercicio 2025 ,.

Esta subvención imputarase á na aplicación orzamentaria 231.489.00_do orzamento do Concello de Tomiño e estará suxeita os prazos que se reflicten na cláusula décima deste convenio.

TERCEIRA. Requisitos da entidade beneficiaria:



- ⊗ Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social, e co Concello de Tomiño.
- ⊗ Non estar incluídos en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na LXS.
- ⊗ Os beneficiarios poderán recibir como máximo o 80% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables.

CUARTA.- Compatibilidade con outras achegas, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custe das actividade subvencionada.

QUINTA .- Gasto subvencionable.

Unicamente serán subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios, sexan directamente imputables a esta, e se realicen dentro do prazo establecido no seguinte parágrafo. Considerarase gasto realizado aquel que se pagara efectivamente con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

En todo caso, considerarase gasto subvencionable: nóminas de persoas, servizos profesionais, seguridade social, material didáctico e de oficina entre outros.

Non se considerará gasto subvencionable:

- ⊗ Gastos derivados das atencións protocolarias ou viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares
- ⊗ Os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.
- ⊗ Actividades que utilicen no seu desenvolvemento linguaxe sexista ou que empreguen a imaxe do muller como reclamo.
- ⊗ Actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais.

Acéptanse os gastos realizados e efectivamente pagados dentro do seguinte período de imputación.



SEXTA.- Actividades.

As actividades propostas pretenden dar resposta aos obxectivos plantexados no proxecto a través do desenvolvemento de diferentes competencias, atendendo a un enfoque integral da persoa e aos diferentes ámbitos de desenvolvemento.

Para a consecución do obxectivo relacionado coa prevención do fracaso escolar dos menores en situación de risco ou vulnerabilidade, diariamente realizaránse grupos de estudo cos menores de 1 hora, nos que se levarán a cabo as seguintes actividades:

- ⊗ Reforzo escolar: realización de deberes escolares e repaso de contidos.
- ⊗ Técnicas de estudo: control de factores ambientais e persoais, extracción de ideas principais, suliñado, realización de esquemas, técnicas de memorización e atención.
- ⊗ Aprender a aprender: estratexias de motivación, autoevaluación e metacognición.

En cuanto ao obxectivo de facilitar a adquisición de competencias esenciais para o desenvolvemento e progreso persoal e social, tras a realización do apoio escolar, se realizarán diariamente actividades de 1 hora de duración relacionadas con algunha das seguintes temáticas:

- Coidado da saúde e mellora da autonomía e benestar físico.
- Habilidades artísticas e creativas.
- Desenvolvemento de competencias persoais e sociais.
- Educación en valores que fomente a escoita, o respecto, concienciación do medio ambiente, respecto á diversidade e igualdade de xénero.

O obxectivo relacionado co acceso ao lecer de calidade traballarase cunha proposta de actividades enriquecedoras de ocio, que ademais de cumprir unha función educativa permitan estreitar vínculos entre iguais e cos familiares, facilitando o proceso de integración e socialización e fomentando o acceso e a participación nos recursos que ofrece a comunidade. Neste caso, contemplase que os menores disfruten de una actividade de ocio educativo de calidade con carácter semanal.



A mellora do benestar psíquico e emocional dos menores e as súas familias traballarase mediante a asistencia ao servizo de terapia psicolóxica. Estableceranse sesións terapéuticas

SÉTIMA.-Temporalización.

O inicio do proxecto, está previsto que comece no curso 2025 previsiblemente o 1 de outubro de 2025 e remate o 31 de decembro de 2025.

Para a súa organización e posta en marcha, planificáronse as seguintes etapas:

A. ETAPA 1: Preparación dos recursos necesarios para a prestación do servizo.

Supón o arranque do proxecto e como fitos da mesma poden establecerse os seguintes:

- ⊗ Establecemento de acordos de colaboración e procedementos de coordinación, de Aldeas Infantiles SOS co SEAF dos Servizos Sociais de Tomiño.

- ⊗ A selección e formación dos profesionais que prestarán a atención directa aos menores.

B. ETAPA 2: Posta en funcionamento do servizo por parte de Aldeas Infantiles SOS Galicia.

Nesta etapa se levarán a cabo todas aquelas actividades contempladas polo proxecto para reducir a situación de desigualdade que experimentan xs menores en risco ou vulnerabilidade. Se prevé que estas actividades se desenvolvan durante o segundo semestre do ano 2025.

Esta etapa supón o núcleo do proxecto en cuanto á atención ás necesidades dxs menores e como fitos da mesma poden establecerse os seguintes:

- ⊗ Diagnose individualizada das necesidades de atención dxs menores, organización de grupos e cumplimentación dos Proxectos Individualizados dos menores en coordinación co SEAF.

- ⊗ Determinación da programación específica das actividades de atención (1) establecemento do programa de reforzo escolar, (2) programación os obradoiros para o desenvolvemento de competencias esenciais (3) determinación de actividades de ocio e tempo libre (4) determinación do número e frecuencia das sesións terapéuticas.

- ⊗ Desenvolvemento da programación concreta establecida para as distintas necesidades do apoio.

C. ETAPA 3: Avaliación do servizo por parte de Aldeas Infantiles SOS Galicia.



Esta etapa está integrada por aquelas actividades orientadas a avaliar os resultados acadados, a súa finalización supón o peche do mesmo e a realización dos axustes necesarios para dar continuidade ao programa.

Estas etapas se desenvolverían entre outubro e decembro de 2025

Como fitos principais desta etapa poden establecerse os seguintes:

- ⊗ Determinación dos impactos acadados e a contribución dos servizos do programa á igualdade de oportunidades dos menores en risco ou vulnerabilidade.
- ⊗ Propostas de axustes nos servizos e metodoloxía de intervención do programa.

OITAVA. Recursos.

Recursos Humanos

- ⊗ SEAF do Concello de Tomiño: persoa de referencia do SEAF que derivará os casos dxs menores que acudan aos grupos de apoio e coordinará as accións a levar a cabo desde o programa.
- ⊗ Educadora: profesional contratada por Aldeas Infantiles, cunha xornada de 33 horas semanais que prestará o servizo de atención directa aos menores, con acreditada experiencia en traballo con menores en situación de vulnerabilidade.
- ⊗ Psicólogo/a: profesional de Aldeas Infantiles que prestará atención psicolóxica aos menores derivados ao servizo terapéutico. A xornada de atención será de 5 horas semanais, podendo atender a un máximo de 4-5 casos.
- ⊗ Coordinadora de Aldeas Infantiles SOS de Galicia: responsable da preparación e execución do programa e persoa de referencia para os contactos e reunións que se establezan.

Recursos Materiais e Infraestruturas

- ⊗ Despachos, Aulas e salas de reunións dos servizos municipais do Concello de Tomiño.
- ⊗ Material funxible, Material ofimática.
- ⊗ Materiais necesarios para a realización das tarefas e servizos propios do Programa.



NOVENA. Avaliación.

De cara a facilitar a correcta implementación das actividades previstas, así como a consecución dos obxectivos e resultados esperados, o proxecto conta cun sistema de coordinación, seguimento e avaliación.

Este sistema contempla a realización dunha serie de accións que se desenvolverá de maneira transversal ao longo de todo o proxecto.

As accións de coordinación buscan asegurar o bo desenvolvemento do proxecto promocionando a comunicación fluída entre os diferentes profesionais implicados na implementación do Programa. Este tipo de accións consistirán, fundamentalmente, no intercambio de información a través da realización de reunións de maneira presencial ou a través de videoconferencia, e outros canles como teléfono o correo electrónico entre a profesional que leve a cabo a atención directa aos menores, a persoa responsable das derivacións do SEAF e a coordinadora de programa de Aldeas Infantiles.

Preténdese comprobar a realización efectiva das actividades previstas e os resultados acadados coa súa implementación permitindo identificar as posibles desviacións que se produzan e adoptando, si fose o caso, medidas correctoras.

Con el fin de levar a cabo esta comprobación establécense unha serie de indicadores de realización e resultado para cada bloque das actividades contempladas e para o proxecto en conxunto.

En este sentido, entre os indicadores de realización se contemplan os seguintes:

- ⊗ Número de menores participantes.
- ⊗ Número de profesionais participantes internos (Concello de Tomiño/Aldeas Infantiles).
- ⊗ Número de profesionais participantes externos (monitores de actividade, voluntarios, profesores..)
- ⊗ Número de reunións de coordinación.
- ⊗ Nº de actividades de reforzo escolar.
- ⊗ Nº de actividades coidado da saúde e autonomía.
- ⊗ Nº de actividades de desenvolvemento persoal e social.



⊗ N° de actividades de ocio e tempo libre.

⊗ N° de sesións terapéuticas realizadas.

Como indicadores de resultado del proxecto, se consideran entre outros:

⊗ % de menores que melloran os seus resultados académicos e habilidades de estudio.

⊗ % de menores que melloran as súas habilidades de autonomía e coidado da saúde

⊗ % de menores que melloran as súas habilidades persoais e sociais.

⊗ % de menores que se benefician dun ocio enriquecedor na comunidade.

⊗ % de menores que melloran o seu grado de benestar psíquico e emocional.

⊗ Nivel de satisfacción dos menores participantes no programa.

⊗ Nivel de satisfacción dos profesionais participantes no programa.

Con el fin de deixar constancia da efectiva realización das actividades, se establecen unha serie de pistas de auditoría, como fotografías, rexistros de actividade e enquisas de satisfacción, séndoa totalidade dos resultados obtidos volcados no documento da Memoria Anual do proxecto.

DÉCIMA. Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello, de conformidade co establecido no presente Convenio e nas Bases de Execución do Orzamento.

Co fin de facilitar a realización do obxecto da subvención por parte dos beneficiarios, contéplase en aplicación do previsto no art. 34. 4 LXS a posibilidade de realizar pagos a conta da xustificación final. A estes efectos o beneficiario poderá presentar xustificacións parciais- trimestrais que darán dereito a expedición de abonos a conta da xustificación final, sempre que se presente a documentación detallada no apartado seguinte e ata un importe mínimo do pago parcial solicitado.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 4 e 5, xunto coa documentación que neles se require.



O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

⊗ Formularios 4 e 5.

⊗ Nóminas, facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

⊗ Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as nóminas e facturas: no factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago.

⊗ Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada. "

⊗ Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.

DECIMAPRIMEIRA.- Prazo.

O prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos, O prazo máximo para xustificar a subvención será o 26 de decembro de 2025.

DECIMOSEGUNDA.- Devolución de cantidades percibidas en concepto de subvención.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMATERCEIRA.- Lexislación aplicable.



O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, no Regulamento para a concesión de axudas e subvencións municipais do concello de Tomiño de publicado no BOP de 31/05/2004, modificado no BOP de 17/06/2008 e 7/05/2010, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido como lexislación estatal básica nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo Concello de Tomiño

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo.: Sandra González Álvarez

Por Aldeas Infantiles SOS Galicia

A DIRECTOR TERRITORIAL DE GALICIA DE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

Asdo.: Víctor Muñoz Vázquez

